

## PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NO CURSO 2020/2021

### REFERENCIAS LEGAIS

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013), pola que se desenvolve o decreto anterior.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1/02/17), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### SOLICITUDES

- O proceso de reserva e de admisión de alumnado tramitase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). As solicitudes de admisión de alumnado realízanse mediante os modelos anexo I e II, respectivamente (procedementos ED550A e ED550B). Os formularios poden cumprimentarse na aplicación *admisionalumnado*, ou ser descargados e cumprimentados de forma manual. Tamén se poden descargar na da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/portada>), e na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>).
- **A solicitude será única e podese presentar de forma presencial no centro educativo, que a rexistrará, ou de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*.**
- A solicitude pode asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.
- **Cada solicitude pode conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia.** No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria de postos escolares regulado no capítulo IV desta orde.
- Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas (*No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos:*
  - o DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
  - o Domicilio fiscal.
  - o Renda anual per cápita da unidade familiar.
  - o Condición de familia numerosa.
  - o Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás)

### DOCUMENTACIÓN

- O/a proxenitor/a ou representante do alumnado deberá achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:
  - o Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
  - o Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.
  - o Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (segundo anexo II da solicitude).
  - o Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR CANDO A DEMANDA DE PRAZAS ESCOLARES SEXA SUPERIOR Á OFERTA

- Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, para presentar no centro, a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante.
- Consultaranse de forma automática a través de *admisionalumnado* (salvo oposición expresa que conste na solicitude) e non será necesario acreditar os datos relativos a:
  - o • Domicilio fiscal e renda per cápita da unidade familiar
  - o • Condición de familia numerosa
  - o • Discapacidade do alumnado, proxenitores, titores ou irmáns recoñecida pola xunta de Galicia

## CRITERIOS XERAIS DE BAREMO

### ➤ **Acreditación e valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro**

#### Acreditación:

- Fotocopia completa do libro ou libros de familia
- No caso de menores en situación de acollemento, fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar .

#### Valoración:

- Unha/un irmá/ irmán matriculado no centro 8 puntos
- Segundo e seguintes irmáns matriculados no centro 2 puntos por cada unha/un

### ➤ **Acreditación e valoración do criterio de nai, pai, titora ou titor que traballe no centro educativo**

#### Acreditación:

- Documento acreditativo expedido polo propio centro educativo

Valoración: A puntuación non será acumulable no suposto de que ambos proxenitores ou titores traballen no mesmo centro.

- Proxenitor traballando no centro 3 puntos

### ➤ **Acreditación e valoración do criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou lugar de traballo das/dos proxenitoras/es ou titoras/es.** *Na solicitude de admisión a persoa solicitante deberá indicar, para os efectos de baremo, a súa opción polo domicilio familiar ou polo lugar de traballo, non sendo acumulables as puntuacións polos dous criterios.*

#### Acreditación do domicilio familiar:

- Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel.
- A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas.
- De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, as persoas interesadas deberán presentar a documentación complementaria: *(copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar -escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer- e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións -auga, luz, gas- a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión).*

#### Acreditación do lugar de traballo:

- Traballadores/as por conta allea: documento expedido para o efecto polo empregador, xunto cunha copia do contrato de traballo.
- Traballadores/as por conta propia: alta censal inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as modificacións posteriores e as altas na Tesouraría Xeral no Réxime de Seguridade Social.
- Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da Xefatura de Persoal correspondente

#### Valoración:

- Proximidade do domicilio familiar:
  - Se se atopa na área de influencia do centro 6 puntos
  - Se se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro 3 puntos
- Proximidade do lugar de traballo:
  - Se está situado dentro da área de influencia do centro 4 puntos
  - Se está situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro 2 puntos

### ➤ **Acreditación e valoración do criterio da renda anual per cápita da unidade familiar.** *Terase en conta a renda da unidade familiar que corresponda ao exercicio fiscal do 2018.*

#### Acreditación:

- Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano 2018; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020.

- Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.



- Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

Valoración: A valoración da renda anual per cápita da unidade familiar realizarase con referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao exercicio fiscal 2018 (6.454.03€), coa seguinte escala:

- Se é inferior a 0,5 veces o IPREM 3 puntos
- Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM 2 puntos
- Se é igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM 1 punto
- Se é igual ou superior ao IPREM 0 puntos

- **Acreditación e valoración do criterio de condición de familia numerosa.** Para a consideración de familia numerosa teranse en conta as que reúnan os requisitos que determinan os artigos 10 e 11 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, antes do final do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditación:

- Fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

Valoración:

- Por pertenza a familia numerosa de categoría especial 3 puntos
- Por pertenza a familia numerosa de categoría xeral 2 puntos

- **Acreditación e valoración do criterio da condición de familia monoparental.** Para os efectos da valoración deste criterio, terá a consideración de familia monoparental a que reúna os requisitos que determina o artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditación:

- Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.

Valoración:

- Por pertenza a familia monoparental 2 puntos

- **Acreditación e valoración do criterio de discapacidade.** Puntuaranse as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 % da alumna ou alumno, da súa nai, pai ou titora/or ou dalgunha/un das/os irmás/áns, recoñecida antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Acreditación:

- Certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.

Valoración: a valoración por este criterio realízase aplicando o seguinte baremo, cun máximo de 4 puntos:

- Por discapacidade da alumna ou alumno 4 puntos
- Por discapacidade das/dos proxenitoras/es ou titoras/es 3 puntos
- Por discapacidade dalgunha/un das/dos irmás/áns 1 punto por cada unha/un

- **Acreditación e valoración do criterio complementario aprobado polos centros**

Acreditación:

- Antes do día 1 de marzo de cada ano, os centros educativos farán público o devandito criterio e a forma de acreditalo no seu taboleiro de anuncios e na súa páxina web ou por calquera outro medio de difusión.

Valoración:

- Por cumprir o criterio complementario aprobado polo centro 1 punto

**PUNTUACIÓN TOTAL E CRITERIOS DE DESEMPATE.** No caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo a seguinte orde de prelación:

- Existencia de irmás ou irmáns matriculadas/os no centro.
- Nai, pai ou titoras/es que traballen no centro.
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo de nai, pai ou titoras/es.
- Renda anual per cápita da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Condición de familia monoparental.
- Concorrenza de discapacidade na alumna ou alumno, na nai, pai ou titoras/es ou irmás ou irmáns.

- Expediente académico do alumnado, no seu caso.
- Criterio establecido polo centro educativo.

*Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado do sorteo público, que realizará a consellería o 26 de febreiro e, en todo caso, antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes.*

*No sorteo extraeranse catro letras do abecedario, que determinarán, correlativamente, a primeira e segunda letra do primeiro apelido e a primeira e segunda letra do segundo apelido. As catro extraccións levaranse a cabo con todas as letras.*

## CALENDARIO

- |                                                                              |                        |
|------------------------------------------------------------------------------|------------------------|
| - Data do sorteo público a efectos de desempate                              | 26 de febreiro         |
| - Publicación de postos escolares vacantes                                   | antes do 1 de marzo    |
| - Presentación da solicitude de admisión                                     | 1ao 20 de marzo.       |
| - Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo         | 23 de marzo ao 3 abril |
| - Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas | antes do 25 de abril   |
| - Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas  | antes do 15 de maio    |
| - Formalización da matrícula en educación infantil e primaria                | 20 ao 30 de xuño       |

## ADXUDICACIÓN SUBSIDIARIA DE POSTOS ESCOLARES

- Cando a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar na súa solicitude, será baremada de forma sucesiva para cada un dos centros solicitados nos que existan postos vacantes, seguindo a orde de preferencia manifestada na solicitude, para determinar a súa puntuación no centro concreto conforme os criterios de baremo.
- Se logo de valorar os criterios de baremo xustificadas polo alumnado en todos os centros indicados na súa solicitude, as puntuacións acadadas nos respectivos centros non lle permitisen obter posto escolar en ningún deles, a comisión de escolarización proporá a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización nun centro sustentado con fondos públicos.
- A fase de adxudicación subsidiaria de postos escolares será xestionada a través da aplicación informática *admisionalumnado*.

## ADXUDICACIÓN DE POSTOS ESCOLARES RESERVADOS A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

- A solicitude de admisión deberá presentarse na forma e prazo establecido na orde que regula o proceso, e ademais, nais, pais ou representantes legais deberán manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.
- Xunto á solicitude deberán achegar a documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficias competentes.

**ÁREAS DE INFLUENCIA** *A área de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.*

O Concello da Coruña edita o mapa das áreas de influencia (segundo as instrucións ditadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) o cal pode ser consultado nos centros docentes da cidade, nos rexistros de María Pita, Fórum, Mesoiro e Ágora, nas Bibliotecas Municipais, no Centro Municipal de Información Xuvenil e na páxina web municipal: [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) (Escolarización).

## MÁIS INFORMACIÓN E CONSULTA DE DÚBIDAS:

- **Servizo Territorial de Inspección Educativa.** Edificio administrativo de Monelos, pza. Luís Seoane, s/n. Tfños.: 981 184 797 / 981 184 787 / 981 184 778 [mdb@edu.xunta.es](mailto:mdb@edu.xunta.es)
- **Manual para o alumnado e as familias:**  
[https://www.edu.xunta.es/axudaplicacion/files/admisionalumnado/manual\\_familias\\_admision.v.04.pdf](https://www.edu.xunta.es/axudaplicacion/files/admisionalumnado/manual_familias_admision.v.04.pdf)

## RELACIÓN DE CENTROS

### CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

CEIP **Alborada**: R. San José de Calasanz, 5A (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 981 243 099  
 CEIP Plurilingüe **Anxo da Garda**: R. Monte das Moas, 8-10. Tfno.: 881 960 778  
 CEIP **Cidade Vella**: R. Ferrerías, 1. Tfno.: 881 960 701  
 CEIP Plurilingüe **Concepción Arenal**: R. Marqués de Amboage, 2. Tfno.: 881 880 064  
 CEIP **Curros Enríquez**: R. Campo de Marte, s/n. Tfno.: 981 204 735  
 CEIP **Emilia Pardo Bazán**: Travesía dos Rosaís, s/n. Tels.: 981 276 781/ 981 258 528  
 CEIP **Eusebio da Guarda**: Pza. de Pontevedra, 21. Tfno.: 981 229 264  
 CEIP **José Cornide Saavedra**: Avda. da Sardiñeira, s/n. Tfno.: 981 248 796  
 CEIP **Juan Fernández Latorre**: R. Casanova de Eirís, 26. Tfno.: 981 133 029  
 CEIP Plurilingüe **Labaca**: R. Juan Flórez, 114 – 116. Tfno.: 881 960 282  
 CEIP Plurilingüe **Manuel Murguía**: San Vicenzo (Feáns – Mesoiro). Tfno.: 881 960 763  
 CEIP Plurilingüe **María Barbeito Cerviño**: R. Alcalde Salorio Suárez, 28. Tfno.: 981 262 612  
 CEIP **María Pita**: Rolda de Camilo José Cela, 2 A (Elviña). Tfno.: 981 292 235  
 CEIP **de Prácticas**: Paseo de Rolda, 47. Tfno.: 981 255 330  
 CEIP **Ramón de la Sagra**: Rolda de Camilo José Cela, 4. Tfno.: 981 280 208  
 CEIP **Raquel Camacho**: R. Antonio Pedreira Ríos, 13-15. Tfno.: 981 257 154  
 CEIP **Rosalía de Castro**: R. Río Avia, s/n. Tfno.: 881 960 245  
 CEIP **Sagrada Familia**: Rolda de Outeiro, 211. Tfno.: 881 960 316  
 CEIP **Sal Lence**: Avda. de Oza, 224. Tfno.: 881 880 820  
 CEIP **Salgado Torres**: Avda. Pablo Picasso, 2. (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 981 243 316  
 CEIP **San Francisco Xabier**: Rolda de Outeiro, 72 (zona da Cubela). Tfno.: 881 960 980  
 CEIP Plurilingüe **San Pedro de Visma**: R. Lagares, 12. (San Pedro de Visma). Tfno.: 881 960 787  
 CEIP **Sanjurjo de Carricarte**: Pza. de San Xosé, s/n. Tfno.: 981 202 120  
 CEIP Plurilingüe **Víctor López Seoane**: R. Vía Ártabra, s/n.(Monte Alto) Tfno.: 881 960 653  
 CEIP Plurilingüe **Wenceslao Fernández Flórez**: Avda. do Ferrocarril, 17-19. Tfno.: 881 960 305  
 CEIP **Zalaeta**: R. Curros Enríquez, s/n. Tfno.: 981 211 747

### COLEXIOS PRIVADOS CONCERTADOS

CPR Plurilingüe **Calasancias**: Estrada dos Fortes, 11. Tfno.: 981 256 429  
 CPR **Calasanz - PP. Escolapios**: Estrada dos Fortes, 10. Tfno.: 981 253 684  
 CPR **Cid**: Rolda de Nelle, 143. Tfno.: 981 255 244  
 CPR Plurilingüe **Compañía de María**: Avda. de Calvo Sotelo, 2. Tfno.: 981 250 350 / 981 273 757  
 CPR Plurilingüe **Marista Cristo Rey**: Elviña, 149. Tfno.: 981 287 530  
 CPR Plurilingüe **Esclavas del Sagrado Corazón de Jesús**: Paseo de Rolda, 57. Tfno.: 981 251 800  
 CPR Plurilingüe **Fogar de Santa Margarida**: R. Valle Inclán, 3. Tfno.: 981 251 090  
 CPR Plurilingüe **Grande Obra de Atocha**: R. Baltasar Pardal Vidal, 1 Tfno.: 981 222 542 / 981 201 785  
 CPR Plurilingüe **Hijas de Jesús**: Avda. de Nova York, 5. Tfno.: 981 285 877  
 CPR Plurilingüe **Karbo**: R. Ramón Cabanillas, 2 - 1º. Tfno.: 981 236 179 / 981 241 425  
 CPR Plurilingüe **Liceo la Paz**: Avda. de Sebastián Martínez Risco, 12. Tfno.: 981 286 299  
 CPR Plurilingüe **Montegrande**: Avda. de Nova York, 178. Tfno.: 981 288 177 / 881 092 993  
 CPR Plurilingüe **Padres Franciscanos**: Avda. de Calvo Sotelo, 41-43. Tfno.: 981 262 606  
 CPR Plurilingüe **Peñarredonda**: R. Xenebra, 3, Elviña. Tfno.: 981 286 533  
 CPR Plurilingüe **Sagrado Corazón, Franciscanas**: R. M.ª Ana Mogas Fontcuberta, 9. Tfno.: 981 293 250  
 CPR Plurilingüe **Salesiano San Juan Bosco**: R. Hospital, 14. Tfno.: 981 203 550  
 CPR Plurilingüe **Santa María del Mar**: Avda. do Pasaxe, 69. Tfno.: 981 283 000  
 CPR Plurilingüe **Santo Domingo**: Praciña de Santo Domingo, 22. Tfno.: 981 205 850